

TOPONIMIA DO CONCELLO DE RODEIRO

Nicandro Ares Vázquez

Son vinte as parroquias que integran o Concello de **Rodeiro** na provincia de Pontevedra. Pero todas elas pertencen á diocese de Lugo dende tempo inmemorial. Dos seus nomes e dos lugares que compoñen tales freguesías intento agora apuntar unha explicación lingüística, non sempre segura. Seguirei as denominacións que ofrece o Nomenclátor de Galicia / Pontevedra, publicado pola Xunta en 1998, páxs. 80-82. Usarei siglas bibliográficas en apoio da miña exposición. Así abreviarei as páxinas desta publicación e os lectores poderán comprobar as citas, para unha mellor aclaración de canto eu diga. Unha boa fonte para esta toponimia está na CDO (Colección Diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira), con moitos documentos vencellados coa granxa de Santo Estevo do Salto. Tamén ilustra o LTP (Libro Tumbo de Pergamino), un códice medieval do mosteiro de Oseira, con bo índice. Pero fáltanme os documentos do mosteiro de Vilanova de Dozón, que deben estar nos fondos de San Paio de Altealtares.

1. ÁLCEME (Santa María)

Na CDO hai sete documentos medievais (1220-1282) nos que figura a grafía *Alçame/Alçeme*, *Alzame/Allzame*, a cal faríanos pensar nunha orixe do topónimo relacionada co verbo alzar; pero este é un engano popular. Porque **Álceme** corresponde ó xenitivo do antropónimo greco-latino *Alcimus*, mencionado nos Epigramas do poeta hispano-latino Marcial (I, 88, 1), nome que levou tamén un retórico do século VI, citado por Ausonio, e *Alcimus Avitus* 'San Avito', o cal provén do adxectivo grego *álkimos* 'forte, valente'. Así se chamaría o primeiro posuidor da (*villa*) *Alcimi*. E aquí podemos ver un paradigma toponímico, que se repetirá nesta exposición, cando atopemos o xenitivo dun nome persoal sen a palabra *villa*.

Campo de Rañestras é un sintagma onomástico no que *campus*, voz latina, está determinado por *Rañestras*, que veremos máis abaixo.

O Carballo relaciónase con *carba*, palabra de orixe pre-latina, como opina Corominas (DCELC), pero non sería o diminutivo *carbaculum**, calificado de "ibérico" (!) por G0 de Diego (DEEH 557), senón aumentativo de *carba* 'carballo enano' (GVGH), dado que en docs. medievais escribían *carbalio/carvalio* (DELP; DOELP; TSA 49; ES XLI 345; LHP).

A Latiza podería proceder de *latitia* (CIL VI 26259), derivada de *latus*, *a*, *um* 'longo/ga' (DELL v. *latus*), aludindo a unha vila ou terra alongada, quizabes da mesma familia de *latta* 'vara ou pau longo', 'listón, viga' (MLLM; LLMA), voz do baixo latín antigo, común co celta e co xermánico, en opinión de Corominas (DCELC) e G0 de Diego (DEEH 771), quen cita o salmantiño "latiza: travesaño". Tamén

Eugenio Miguélez (DHL) rexistra "**latiza** (Der. de lat. latta). Fem. generalmente en pl. Los palos largos transversales de los angarillos del carro. S-CHAR, S-SAL, S-REBO)". No GDXL lemos: "Latiza, s.f. Táboas que forman a estrutura do canizo" . A terminación do top. **Latiza** pódese comparar con A Cañiza, Abellariza, Albariza, Cabaleriza, Carballiza, Cerniza, Lagariza, Pastoriza, Porcariza, Ramadiza, Vacariza, etc. Neles atopamos o sufixo latino feminino de relación *-icia* ou *-itia*.

Paredes evoca a *parietes*, restos de antigas edificacións derruídas. Cítase en 1272 un *casale in villa que vocatur Paredes sub parrochia sancte Marie de Alzame* e outro *cassar en Paredes d-Alçame* (CDO 1000 1159).

Rañestras amosa unha pequena variante de *Rañestres*, parroquia ourensá,) *Ninestre?* en 1228, *Ranestres* en 1366 (CDO 300, 1796), que se relacionaría co antropónimo *Ranius* (LE 367) ou con *Raña*, quizabes "sitio raído o arrasado por acción erosiva de las aguas o por un argayo", en opinión de Menéndez Pidal (TPH 185), explicación que acepta Corominas (DCELC v. arañar). En *Rañestres* parece atoparse o sufixo *-ester/-estris*, indicador de pertenza, que vemos nos adxectivos *campestris*, *equestris*, *pedestris*, *rupestris*, *silvestris*, *terrestris*, etc.

2. ARNEGO (Santiago)

No ano 572 aparece como límite do condado de Deza o río **Arnego**, afluente do Ulla: *Septimus comitatus Decensis nuncupatur; originem sumit a monte Summio [O Farelo] et deducitur ad Arnego flumen, in directum profluens in Ulia rivulo* (ES XL 347). En 1093 cítase unha herdade que estaba en *territorio Kambe, subtus monte Naveco [O Faro], discurrente rivolum Arneco, vocabulo ecclesie sancti Iacobi de Riba de Arneco, villa pernominata Mauricanes* (CDO 6); *ecclesia sancti Iacobi de Arnego* en 1124 (AL, XXI, 1968, p. 41). Outra herdade aparece en 1153 *in territorio Camba, subtus monte Sumu, discurrente fluvio Arnego in loco quod dicitur Guestrimir* (CDO 27). En 1155 consta *Sanctum Iacobum de Arnego* (Alf. VII, n1 164 = 174). *Sancto Iacobo de Arnego* a. 1205 (CEG, núm. 116, 2003, p. 56).

O nome desta parroquia e do río **Arnego** foi relacionado con *arena* hipotéticamente polo profesor compostelán Moralejo Lasso (TGL 102). Pero eu coído que tería orixe pre-latina, como se detecta no sufixo *-eco*, típico do Noroeste de Hispania (TPH 264) e tamén no radical *Arn-* de nomes celtas recollidos por Holder (AS I 218), no étnico asturiano primitivo *Arnunimorum* (ERA 41) e noutras inscricións de Hispania nas que figura case sempre en abreviatura *Arn*. (ILER 194 = 2069 1308 1319 5226 5249 6420).

Casar de Seta leva con disimilación e rotacismo o nome latino *casale*, determinado aquí por **Seta**, que puido ser o nome persoal *Sagitta* (TLC 342); menos verosímil parece o plural de *saeptum* 'seto', aludindo a recintos cercados con *saepes* 'sebes'.

Cuñarro do Cabo < *caput* e **Cuñarro do Medio** < *medium* son dúas localizacións que especifican o antigo nome pre-latino *Cuniarrum*, mencionado moitas veces no Tumbo de Samos (1, 2, 3, 5, 34, 41, 43, S-1, S-2) e na Colección Diplomática de Oseira (171, 643, 917, 1446, 1544, 1578, 1945-46,

1961, 2002, 2046-47, 2056-57, 2075-76), mosteiro este que tiña en 1473 o "*mordomadego de Cunarro*" (LTP p. 105). En *Cuni-arrum* podemos aillar o sufixo *-arrum*, que observamos no étnico *Susarrus*, o cal figura na téssera lucense de Carbedo (bisbarra do Courel) e nunha moeda de *Wittiricus*, cuñada en Galicia (Cf. Lucensia, N1 2, 1991, 97; 5, 1992, 70-74); tamén o vemos no apelido *Madarro* (nome dunha famosa confiteiría en Lugo) e no topónimo *Combarro*. Por outra banda, o radical *Cun-* aparece en nomes celtas (AS I 1143), relacionado tal vez con can ou lobo (OPPH 101).

Farán podería vir dun nome étnico relacionado co Faro (monte próximo) ou dun gótico **Fara(ne)* (OPNH 166/566; HGN 88), máis ben ca de *Farianus* (TLC 146); pero quizá era *Foriam* en 1473 (LTP, p. 40).

Mourigás vímolos citados máis arriba como *Mauricanes* en 1093, *Mourigaes* en 1124 (AL, XXI, 1968, p. 41) e volve aparecer *Maurigaes* no s. XIII (CEG p. 55) e 1244 (CDO 539), *Mourigaas* en 1473 (LTP); polo que podemos supoñer que fose o xenitivo dun antropónimo **Maurica*, *-anis* (HGN 182/2; OPNH 225/932) ou que aluda a descendentes de *Mauricus* (DLF).

Padín foi xenitivo do nome persoal *Patinius* (LE 86).

Toiriz reflicte tamén o xenitivo do antropónimo gótico *Teodoricus* (HGN 271/26); cítase *Toyriz* / *Tuyris* / *Tuyriz* moitas veces en docs. de Oseira (CDO 233, 659, 673, 910, 1021, 1153, 1165, 1171, 1300, 1304).

3. ASPERELO (San Martiño)

Foi a aldea chamada **Asperelo** a que deu o seu nome á freguesía, o cal procede dun antropónimo **Asperellus*, diminutivo de *Asper* (TLC 265) e relacionado co xentilicio *Asperius* (LE 347). Cítase no ano 1155 *Sanctum Martinum de Asperelo* (Alf. VII, n1 164 = 174), en 1223 *Iohannes Martini de Asperelo qui scripsit*; en 1264 *Micael et Martinus monachini de Asperelo ts.*; en 1272 *Martin Perez morador en Barro d-Asperello*; en 1281 *todo los herdamentos que ey et devo a aver en Couso sub friigisia de san Martino d-Asperelo* (CDO 233, 910, 1021, 1153).

En **Barrio** temos o árabe *barri* 'exterior', latinizado en *barrium* (DCELC), que se cita en 1186 (CC n1 97) e varias veces na CDO (218, 1021, 1307).

Caxide corresponde ó xenitivo de *Kagitus* (HGN 160), nome persoal que figura en bastantes docs. altomedievais (TSA 217; OPNH 131/305).

Couso, coma o castelán ant. *corso* e actual *coso*, alude a un terreo cercado, apto para cacería, da familia onomástica de *cautum* 'couto', contaminado con *cursum* 'corrida' (DCELC); cítase, como vimos, na CDO 1153. A ermida pública da Santa Cruz podería aludir a algún límite do Couso.

Ourín provén do xenitivo antroponímico de *Aurinus* (TLC 161).

Pereira sería *Villa Peraria* en 1124 (AL, XXII, 1968, p. 41); *Pereira* en 1217 (CDO 171); *Perario* en 1253 (CDF 111); formas referidas á árbore que dá como froita o *pirum*, plural *pira* 'peras';

tamén puido ser o plural de *pirarium* 'horto de pereiras' (MLLM). No seu testamento (s. XIII) Pelaio Buzaco manda "*ad Ursariam quantum habeo in casali de Pereira quod iacet prope ecclesiam Cuniarri et mando eis quantum habeo in Pomerio et in Cuniarrio*" (DCO 238).

4. O AZ (San Cristovo)

Areán coido que procede do nome persoal *Areianus* (TLC 140; ILER 1737), derivado de *Arius*, non do suposto gótico **Arila* (?), así proposto como inseguro por Piel-Kremer (HGN 18/22). Este lugar nomeábase *Aran in termino de Canba* en 1240, *monte qui vocatur Aram* en 1241 e *in loco qui vocatur Aram in terra de Canba* en 1245 (CDO 475, 481, 555). Por outra parte, o antropónimo *Arianus* aparece no Tumbo de Samos, nos Tumbos de Sobrado, en docs. de Lugo (Cf. Lucensia, 8, 1994, p. 165) e noutros de Galicia e Portugal (OPNH 110/158).

O Az penso que provén de *Atius*, xentilicio latino rexistrado por Schulze (LE 68, 423, 551) e tamén na epigrafía lusitana. A xente dos Acios (*Atii*) vén citada repetidas veces por Virxilio, Cicerón, Suetonio, etc. e a ela pertencía o avó materno de Augusto, que era *Marcus Atius Balbus*. En 1153 Munio Iohannis doa a Oseira dúas herdades *in territorio Camba subtus monte Sumu* [hoxe O Farelo] *discurrente fluvio Arnego in loco quod dicitur Guestrimir et alio casali in ipsa frigrisia in loco quod dicitur Petri prope aula Sancti Christofori de Az* (CDO 27). En 1241 o mosteiro de Oseira dalle en préstamo ó cabaleiro Fernando Fernández *unum casale in Villa Mediana in parrochia sancti Cristofori de Atu* e outras herdades *in loco que vocatur Riu et in ecclesia sancti Christofori de Atu*; en 1247 Maria Martini vende canto tiña *in loco qui vocatur Pedre sub parrochia sancti Christofori de Azo in termino de Canba*; en 1274 domna Orraca Iohannis lega a Oseira todo canto tiña *in terra de Canba, videlicet: tria casalia in sancto Christofori de Oaz et quartam partem ipsius ecclesie et dua casalia in Christimir et aliud in Pidri* (CDO 481 589 1051); en 1316 consta *Sam Cristovo do Asço* (CDO n1 1402).

De **Cristimil** acabamos de ver dúas citas; pero deste topónimo escribín no Boletín Fontán-Sarmiento (N1 13, 1992, pp. 79-80), dicindo que é un engano derivado dun antropónimo bitemático e híbrido, formado por *Christi-mirus* (HGN 60/2), porque as mencións deste lugar en docs. de Oseira remiten a outro nome. Por exemplo, en 1153 *Guestrimir* (v. supra); en 1235 *Rodericus Velasci de Camba miles in articulo mortis* nomea ó abade de Oseira como albacea dos seus bens, entre os cales estaba *unum casale in Gestimir*; cítase despois en 1250 un *Velascus Roderici armiger, filius Roderici Velasci de Grestimir*; en 1252 testemuña *I. Martini filius Martinus Iohannis de Gestimir*; finalmente en 1260 presenza en dous documentos *M. Fernandi miles de Guistrimyr* (CDO 27, 403, 635, 735, 862, 864). Todas estas formas lévannos a propoñer, como orixe de este **Cristimil**, o xenitivo do antrop. gótico *Wistremirus* (HGN 314/8; OPNH 299/1426; TSA 56, 123, 152, 155).

Mamoelas é o nome descritivo dun terreo, onde hai ou había **mammulellas*, pequenas *mammulas* 'mámoas', é dicir, diminutos dolmens prehistóricos en forma de abultamentos de terra cónicos, parecidos a

mamas dunha muller. Menciónanse *Mamoelas* en 1247 e 1289 (CDO 592, 1209).

Río de Camba xa o vimos citado e traduce o latino *rivus/rius*, especificando que era o de Camba, nome importante que analizaremos aquí no n1 5.

Vilameá xa a vimos citada como *Villa Mediana* en 1241 (CDO 481), quizabes propiedade dun *Medianus*, nome persoal (TLC 301).

Vilarmaior componse do adxectivo latino *villaris*, *-are*, substantivado no medievo (MLLM; DCELC) e referido ó recanto dunha *villa*, que quizá estivese posuída por un home chamado *Maior* (TLC 294).

Vilaravide foi sen dúbida un *Villare Aviti*, xenitivo este do nome persoal *Avitus* (TLC 304) ou *Avitius* (LE 34).

Vistuíde, en opinión de Piel e Kremer (HGN 313/3), corresponderíase tal vez cun suposto e dubidoso nome persoal gótico **Wistuildus* (?), calificado como "fraglich". Pero algunha citas antigas deste lugar non abonan tal teoría. Porque temos en 1375 "*os nossos lugares de Bustuide* (dúas veces) *que estan en la fligisia de San Christovoo do Az*" (CDO 1826); *Bustuyde* en 1414 e 1416, *Bustuide* en 1417 (2268, 2281, 2371), *Gustuide* en 1415 (CDO 2242), *Bustuydo* e *Bustuyde* en 1473 (LTP p. 39, 108, 129). Podería, pois, ser un sintagma bitemático ou haploloxía co primeiro elemento *bustum* 'terreo de monte queimado para dedicalo a pasto vacún' (LHP; BIEA VIII 1954 p. 25 ss; DCELC v. bosta; OELG I 201-203), unido ó nome dun posuidor, *Teodildus* / *Tudeildus* / *Tueildus* / *Tueidus*, formas todas rexistradas en HGN 271/12. Nesta hipótese sería *Bus-* apócope de *bustum*, como en *Bus-calque*, *Bus-nullán*, *Bus-pol*, seguido dun topónimo antroponímico, coma os portugueses *Tuíde* / *Tuído*, sinalados por Machado (DOELP), para os que este supón unha orixe xermánica en *Teodegildus*.

5. CAMBA (San Xoán)

O nome de **Camba** lévano aquí tres parroquias, como veremos, pero abarca unha zona máis ampla, porque indica un territorio con características específicas no aspecto cultural, histórico e sociopolítico, onde os seus moradores foron e son calificados popularmente como *cambotas*. As raíces do nome son celtas (DCELC v. cama II), aludindo a unha voz *camba* 'curva', como eran as *cambas* do *rodeiro* dun carro, emblema heráldico adoptado aínda hoxe polo municipio de Rodeiro.

Lugares desta parroquia son: **Aboldrón** (*Aboldrom* / *Albodron* en 1473, LTP p. 41, 104), que podería ser unha variante de Alvidrón, parroquia de Antas de Ulla, a cal chamábase en 1329 *Avelderon* e no ano 1333 *Avollderon* (CDO 1478, 1540), *Aruidron* en 1225 (TSO II 121), *Alvidrum* en 1289 e *Arbitron* en 747 (NML 140, 141), nome que corresponde ó persoal *Arbitrio*, *-onis*, citado nos Tumbos de Sobrado.

A Ermida (**Hermida** é mala grafía) foi a palabra grecolatina *eremita*, derivada de *eremus* 'ermo'.

Fervenza describe o aspecto da auga caendo por un desnivel nun río, semellante a *fervere* 'ferver'

e orixinándose do participio *fervens*, -entis un plural neutro, *ferventia*; en 1155 Alfonso VII dá ó mosteiro de Carracedo "*mea villa que vocatur Fervenza de Barrio et es de meo regalengo et est in Camba et jacet sub monte Navego et est inter Villam Planam*"... (CC n1 39); en 1365 a abadesa de Dozón afora a *Francisco Peres o noso casal e lugar de Feruença, que he su syno de Sam Johan de Canba* (AL, XXI, 1968, p. 60). En 1473 o mosteiro de Oseira percibía "em Fervença II^{as} libras en o mordomadego de Sancta Vaya" (LTP p. 40).

As Fontelas leva o sufixo popular latino -*ella* en plural, constituíndo así un diminutivo de *fons*, *fontis* 'fonte'.

En **Lamas** temos o plural dunha voz usada probablemente antes de que viñesen aquí os romanos, que tamén tiveron *lama* en latín, pero pouco usada (TPH 98-102; DCELC III 19; DEEH 766; DELP v. lama).

Lamazares parece un abundancial de *lama*, supoñendo un lat. **lamazales*; "lamazal, s.m. lugar ou terreo onde hai moita lama" (GDXL). Machado cita en Portugal *Lamazales* no ano 1091 (DELP) e 1130, *Lamazaes* en 1258 (DOELP).

San Xoán de Camba define este lugar co nome bíblico do padroeiro parroquial, que foi o precursor de noso Señor, *Sanctus Iohannes* 'misericordia de Deus'; aparece en 1139 (CDO 16) e na CDF 128, 151, 152, 196, 212.

Vilameá v. n1 4.

Vilanova equivale a *villa nova* en latín e así consta en 1094 (NML 183).

6. CAMBA (San Salvador)

Agrochouso foi un *ager clausus*, é dicir, un agro cercado, e aquí sería natural *Iohannes Ruderici de Agro Clauso*, citado en 1251 (CDO 659).

Fondevila poderíase interpretar como *fundi villa* 'Vila do Fondo', forma que veremos no n1 16, ou como Fonte da Vila, en opinión de Moralejo (TGL 111-112); pero en 1231 consta un casal *in villa de Milidi in loco qui dicitur Fundus de Villa* (CDO 337); en 1473 figura "o lugar de Fondo de Villa, que he sub signo de Sam Salvador de Canba" (LTP p.104).

Fornas é variante de *furnas*, que son covas abovedadas coma un *furnus* 'forno', quizabes de tipo dolménico. Aquí tivo o mosteiro de Oseira o "mordomadego de Fornas" (LTP p. 39).

De **Melide**, *Milide* en 1264 (CDO 910), *Milide/ Millide* en 1473 (LTP p. 39, 129) existen interpretacións fantásticas na voz do pobo, como lemos na GEG (20/244), pero lingüísticamente absurdas, posto que este non foi máis ca o xenitivo do antrop. greco-latino *Mellitus* (TLC 284; TC 358, 366, 367; TSA 213; OPNH 226/938), derivado de *mel*, *mellis* 'mel'. Non é válida a teoría de Joseph M. Piel, cando escribe "que *Melide* se deve explicar como genitivo de *Bellitus*" (RPF VI, 1953-55, p. 55-56).

A Parrocha coido que non ten que ver con *parochia/parrochia* no latín medieval, agora

parroquia, copiada do grego *paroikía* 'veciñanza' (DCELC); máis ben parece un derivado de parra ou parque, de orixe incerta (DCELC). Machado (DOELP) trae: "Parrocha, esconderijo feito de ramos de árbores, onde se chega o caçador". E. Rodríguez (DEGC, apend.) escribe: "Parrocha s.f. Caseta para guardar herramientas o para guarecerse cuando se tiene unha finca lejos de casa (Lemos)".

A Ponte traduce o lat. *pons, pontis*, que era voz feminina no lat. vg.

San Salvador era no medievo *Sanctus Salvator*; e non vexo por que razón algúns intentan quitarlle o calificativo de santo ó Salvador, que é Deus tres veces santo.

Toiriz v. n1 2 (CDO 659).

Xabalde foi nome persoal gótico, pero non o suposto **Sabaldus* (HGN 227/1) nin **Teudebaldus* (HGN 271/3), senón *Gevaldus* (HGN 125/3). Así o confirman as citas deste lugar: No ano 1231 *villa que vocatur Geovaldi, que villa est in territorio de Canba, in parrochia Sancti Salvatoris de Piscoso*; en 1264 noméase unha *hereditate in sancto Salvatore de Geavalde*; finalmente en 1279 figura *o meu quinon de yglesia de san Salvador de Geavalde* (CDO 344 910 1132).

Xabaldiño é o diminutivo do anterior: "*Geavalde Pequeno*" en 1473 (LTP p. 39).

7. CAMBA (Santa Baia)

Barrio v. n1 3; en 1143 Johannes Pelaiz doa ó mosteiro de Carracedo unha herdade "*in loco Barrio, territorio de Camba, sub termino de monte Navego, discurrente rivulo Fervenza, recurrente ad aulam Sanctae Eulaliae* (CC n1 26); cítase un *casale quod habeo in Santa Eulalia in Barrio*, ano 1221; *villa que dicitur Barrio de Monte, in parrochia sancte Eolalie de Camba*, a. 1238 (CDO 432), *filios de Azenda Martini in Barrio* en 1247; eu Fernan Eanes de santa Vaya de Camba dou ... *en a feligresia de santa Vaya de Camba quanto herdamento eo y ei de dereito devo a aver de parte de meu padre Duran Eanes de Barryo et in Vilar e uquer que o aya*, ano 1301 (CDO 218 592 1307).

Loureiro sería antes **laurarius*, nome de árbore (DEEH 771), *laurario*, a. 969 (DELP), derivado de *laurus* (cf. OG 91). En 1017 aparece unha doazón no "*territorio Ventosa ... in Laurario*" (TACS n1 90).

Santa Baia foi unha santa mártir de Mérida, que tiña o nome grego *Eulalia* 'a ben falada'; noméase *Sancta Eulalia de Camba* en 1179 (CDO 60) e 1191 (CEG p. 53, n1 19), *Sancta Vaya* en 1301 (CDO 1307).

Soeirexa corresponde a un lugar que estaba *sub ecclesia* 'ó pé da igrexa'. En 1245 consta un casal *in parrochia Sancte Eolalie de Camba in loco qui vocatur Sub Ecclesia* (CDO 558), "Suiglesia" en 1473 (LTP P. 40).

Verlás, quizabes sería mellor escribir **Berlás**, porque semella proceder do xenitivo de *Berila*, -*anis* (HGN 43/17; TSA 35), dado que en 1247 aparece *hereditatem meam de Berlam*, e no ano 1289 "*todos de Berlan ts.*" (CDO 592 1209), formas que corresponden ó acusativo *Berilanem*.

Vilaxuste case é un calco do lat. *Villa Iusti*, vila dun propietario chamado *Iustus* (TLC 252).

8. CARBOENTES (San Estevo)

O nome da parroquia e tamén o dunha aldea da mesma verémolo aquí no seu momento; pero xa podemos adiantar que en 1124 a fundadora do mosteiro de Dozón menciona unha herdade *in Sancto Stephano de Carbolentis* (AL XXII, 1968, 41). En 1155 Alfonso VII concede á abadesa de San Pedro de Vilanova de Dozón a "*ecclesia Sancti Stephani de Carvonentos, territorio de Canba, et est sita in ripa de Arnego, et est inter Sanctum Iacobum de Arnego et Sanctum Martinum de Asperelo et Sanctum Michaellem de Rivomalo et Sanctum Pelagium de Senrra*" (Alf. VII", núms. 164 = 174). En 1156 os irmáns Xoán e María Muñiz entregan á mesma abadesa de Dozón a igrexa de *Carbonentos* (MG p. 954, n. 1375). En 1254 consta *Martinum Fernandi prelatum eclesie sancti Stephani de Carvoentos*. En 1255 *Dominicus Andree de Carvoentos*. En 1272 *Pedro Eanes prellado da iglesia de Carvoentes* (CDO 723 741 1009). Na primeira metade do séc. XIII Pelaio Bazaco no seu testamento manda ós frades do Hospital cinco casales que deles tiña en préstamo: o "*de Pereira et de Barunceli et de Arvo Sagro et de Sancto Stephano et de Varragelios*" (DCO 238).

Agrosagro coido que se menciona no ano 857: *erga Arvorsa[cro] Cuniarrum cum ecclesia sancta Marine* (TSA 1); era *villa Agrosagro* en 1124 (AL, XXI, 1968, p. 41), traducindo o ablativo latino *agro sacro* 'agro sagrado'; pero en 1152 consta unha herdade *in terra Kanba, subtus monte Navego, discurrante ribulo Arnego, sub aula domus Sancti Stefani, vila pernominata Arbosagro* (CEG p. 49, n1 15); téñase en conta ademais que se cita *Arvore Sacro* en 1083, *Arvo Sagro* en 1244, *Arvosacro* en 1251, *Arvosagro* en 1273, *villa d'Arvosagro sub signo de Santo Estevo de Carvoentes* en 1333 (CDO 4, 544, 670, 1041, 1519), *Arvoresagro de Susano* e *Arvosagro de Iusano* no s. XIII (CEG p. 55, n1 20) o cal remite ó lat. *arvum* 'agro arable' (DELL) ou tamén 'onde un está enterrado' (DAC).

Alén, do latín *ad illinc*, como adverbio significa 'máis alá, do outro lado' (DXL); pero hai tamén constancia dos antropónimos *Allenius* (LE 430) e *Allenus* (RL 12).

As Antas non se deben interpretar como se fosen *As Santas*, senón coma o plural *antae*, *-arum* 'dolmens', marcos de pedra de gran tamaño chantados verticalmente na terra (DXL) que se describen en DTAP. En 1473 figura "o lugar das Antas en a fregesia de Santa Maria de Vilela" (LTP p. 108).

Bardelás, en opinion dubidosa de Piel-Kremer (HGN 39/1), viría do xenitivo dun suposto antropónimo gótico **Bard-ila* (?); mais, por outra parte, parece un plural de **bardela*, diminutivo de *barda* 'sebe ou valado cuberto con toxos, silvas, espiños', etc., voz de orixe prerromana (DCELC; DEEH v. **barrita*, célt.); aquí levaría os sufixos *-ella* e *-anas*. Pero nun doc. do mosteiro de Chantada en 1073 figura "*in Camba uilla Semra cum uilla Barcellanes*" (Compostellanum, XIII, 1968, 342-344).

Baroncelle, *Barunceli* (v. supra), *Baroncelli* en 1124 (AL, XXI, 1968, p. 42), evoca o xenitivo do antropónimo *Baroncellus* (TSO I 124, 129), diminutivo de *Baronius* (LE 207) e de *Baro*, *-onis* (TLC

264), orixe do *barón* 'home libre', tiduo de nobreza (DCELC v. *barón*; HOP 62). Tratou deste top. Joseph M. Piel en *Homaxe a R. Otero Pedrayo*, Vigo 1958, p. 62.

Barregallos parece alcume despectivo ou deformación de *varredallos* con base no verbo *verrere* 'varrer'; pero acabamos de ver a cita de "*Varragelios*" [] ou *Varregalios*?] no s. XIII (DCO 238), que é totalmente escura para min.

Carboentes aseméllase inicialmente a Carbosende, Carbuiz, Cardavella, Cardavós, Cardecide, Cardeita, Carderre, Cardesancho, Cardigonde, Cardonachama, Cardoufe, Carfaxiño, Carguizoi, Carnaloba, Carraposo, Carromao (GEG; BA XI, 1981, 251-253). Poderíase pensar que **Carboentes**, *Carbolentis* en 1124, fose *Casa Volentis*, con rotacismo e perda do -l- intervocálico, dado que consta o antropónimo *Volens*, -*entis* (RL 425 = CIL XII 4170), do cal podería proceder o topónimo coruñés *Boente*, como supón Joseph M. Piel en *Biblos*, XXIII, 1947, p. 384; pero deste top. temos en 897 e 998 a grafía *Bonenti* (NML 143), máis acorde con *Carvonentos* e *Carbonentos* (v. supra), quizá sucesores na 'casa de *Bonentius*', antropónimo rexistrado no ano 989 (TC 68) e *Bonento en* 982 (TC 265). Con todo, non se debe descartar que Carbonentos fose alcume étnico, relacionado con carbón, como sucedeu cos adxectivos avarento, famento, fariñento, graxento, piollento, sedento, etc.

Castugares parece composto de *Casa* e dun antropónimo, tal vez **Theudegarius* (?).

Mariñaos, "*villa Marmianos*" [] ou *Marinianos*?] en AL, XXII, 1968, p. 41), procede do étnico *Marinianus* (TLC 309).

Mesón de Augalevada sería unha *mansio*, -*onis* 'mansión > mesón' (DCELC) de *aqua elevata*, como propón Moralejo (TGL 317).

Remesar redúcese ó xenitivo de *Remesarius*, nome gótico persoal (HGN 220/1).

A Torre de Carboentes representa a lat. *turris* 'torre', determinada polo posuidor, xa visto.

9. FAFIÁN (Santiago)

Aciveiro alude a un sitio abundante en acebos/acivros, nome latino descritivo da árbore *aquifolium* 'folla de agulla' (DCELC).

Covelos serían terreos **covellos* en plural, diminutivo de *covus* no latín vulgar, equivalente a *cavus* 'cóncavo' no clásico.

Fafián remite ó acusativo do antropónimo gótico *Fafila*, -*anis* (HGN 82; OPNH 165/558).

Outeiro foi *altarium* e *auctarium* no lat. medieval, porque alude a un lugar *altum* = outo no galego antigo.

Trasulfe era *Trasulfi* en 1261 (CDO 888), xenitivo de *Tras-ulfus*, nome gótico bitemático (HGN 275/15; OPNH 287/1339).

Vilachá, escrito *Vilachaa* en 1298 (CDO 1270), traduce o lat. *villa plana*.

10. GUILLAR (Santa María)

Adelán podería ser o nome gótico persoal *Adila*, *-anis*, como propoñen con dúbida Piel e Kremer (HGN 4/15); sen embargo a forma *Abdellane in Camba*, que consta no ano 1094 (NML 139), parece remitirnos a un antropónimo árabe, *Abdala / Abdela* 'o servo de Alá' (OE 98/3; OPNH 88/2), *Abdalla/Abdella* (TC 94, 150, 432, 490, 533, todos no s. X), moi ben documentado por Machado (DOELP v. Abdalá). Cítase en 1224 *in villis deLam et Pedrouzo* (CDO 253).

Arcas é a voz latina *arca* en plural, indicadora de túmulos funerarios (DTAP) ou marcos divisorios (LHP). Cítase en 1139 *hereditatem quam dicunt Archas et est in illa terra que dicitur Camba, iuxta illum rivum cui nomen est Piscosus* (CDO 16). En 1473 o mosteiro de Oseira cobraba rendas no "*mordomadego d'Arcas*" e "*en a granja d'Arquas*" (LTP p. 40, 131).

Guillar foi antropónimo gótico *Viliarius* (HGN 302/3). Noméase en 1224 unha *hereditas in villa que dicitur Gilar, loco vocitato Quintanas* e a mesma no ano 1230 *in termino de Canba, in parrochia sancte Marie de Gilar, in loco qui dicitur Quintanas* (CDO 253 323). Mais citas hai aínda (CDO 555 559 663 722 738 795 1244).

O Outeiro v. n1 9.

A Torre v. n1 8. En 1473 o mosteiro de Oseira percibía "em Guillar do casar da Torre XXX^{ta} et VI soldos" (LTP p. 40).

Os Vilares parece plural, pero puido ser tamén simple traducción do lat. *villaris*, v. n1 4. En 1473 figuran "tres casares do Vilares" (LTP p. 40).

11. NEGRELOS (San Ciprián)

Barbeitos alude a terreos de *vervactum* 'barbeito', é dicir, terra arada en descanso, sen sementar. Entre 1296 e 1310 aparece *a tulla de Barveytos* (CDO 1355).

Lama de Mena queda vista no que toca a *lama* (n1 5), aquí determinada por *Mena*, tamén topónimo leonés e burgalés e apelido do literato Juan de Mena, tal vez da familia céltica de *mina/mena* (MLLM; LLMA; DCELC; DEEH) (?).

Negrelos é un diminutivo persoal **Nigerellus*, formado sobre *Niger/Nigellus* (TLC 228), co sufixo *-ellus*, propio do lat. vg.

Penerbosa contén o substantivo *pinna/penna* 'pena' (DCELC; MLLM), adxectivado con *herbosa* 'cuberta de herba'.

Puza puido ser o feminino de pozo, *puteus* en lat. ou *putea*, plural do neutro *puteum*, ou mesmo *Putia*, nome persoal (ILER 73).

Rubiás, *Ruviaas/Ruviaes* en 1473 (LTP p. 40), posiblemente foi *Rubianes*, descendentes de *Rubianus* (TLC 154), o cal orixinou o top. Rubián; ou tamén *Rubiales* 'terreos roibos', ámbolos dous

derivados de *ruber, rubra, rubrum* 'rubio'.

Vilameá v. n1 4.

12. PEDROSO (San Xiao)

Dun colectivo de *petra* 'pedra' formouse o adxectivo *petrosus*, o cal deulle nome á parroquia. Rodericus Fernandi de Camba en 1235 manda no seu testamento: *monasterium Ursarie habeat medietatem unius casali in Petroso* (CDO 203).

A Eirexe corresponde a *ecclesiae (locus)*, lugar da igrexa.

Laxas ten procedencia hispanolatina en *lagna*, de probable orixe celta (DCELC v. laja).

Pazos son o plural de pazo, *palatium* en latín.

A Penela é diminutivo de *pinna* 'pena'.

A Ponte v. n1 6.

13. PESCOSO (Santa Mariña)

A denominación deulla á parroquia unha aldea dela, que veremos no seu momento.

Achacán posiblemente procedería do antropónimo gótico *Egica(ne)*, cos súas variantes *Egicha / Echega / Eichiga*, etc. (HGN 70/11; OPNH 150/445).

Cabanas é plural do hispano-latino *capanna*, de probable orixe céltica (DCELC v. cabaña). En 1236 o mosteiro de Oseira compra unhas herdades *in termino de Cabanas* (CDO 417).

O Corroliño parece variante diminutiva de *curraliño*, un **currolo* 'curro pequenino', apelativo que provén do latín *currus* e *currere* 'correr' (DCELC v. corral), aquí con dous sufixos diminutivos: -olo, -iño. En 1473 consta *Curralino* (LTP p. 105, 131).

O Coto en opinión de Menéndez Pidal é unha voz prerromana, indicadora dun sitio alto e tamén nome persoal *Cottus* (TPH 269-275); tamén di Corominas que é prerromana (DCELC v. cueto).

Paredes v. n1 1.

Pescoso no ano 939 noméase *villa de Pascoso* (CDF 4; E.Sáez, Los ascendientes de San Rosendo, apénd. 7), semellante ó adxectivo latino *pascuosus* 'sitio de pasto bó e abundante', derivado de *pascuum* 'pasto'; non obstante, no ano 887 leron *Pescoso* (NML 168) e noutros docs. de Oseira, entre 1139 e 1305, escriben *Pescosso / Piscosso* (CDO 16 48 344 681 795 914 984 1013 1028 1051 1171 1328), como se estivese relacionado con *piscosus*, abundante en *piscis* 'peixe' (DLF).

Quintá traduce a *quintana*, derivada de *quintus*, porque se referiría á quinta parte dos froitos que se pagaban ó dono dunha herdade (DCELC), ou porque fose unha (*villa*) *Quintana*, propiedade de *Quintanus* (TLC 293). Menos verosímil parece que fose aquí un campamento romano, como di A. Montenegro Duque (ELH, I, 512 e 525). En 1169 consta a *villa que vocatur Quintana sub aula sancte*

Merine de Pescoso (CDO 48). En 1272 noméase a *friigresia de sancta Marina de Pescosso, et uno casar que eu avia en Quintaa que iaz en esta mesma friigresia* (CDO 1028).

Saa era *Sala* en 1094 (NML 175), voz gótica co significado aproximado a casarío (ELH I 538).

Santa Mariña, que levaba un nome baseado en *mare* 'mar', foi unha mártir de Antioquía, pero reivindicada pola Igrexa de Ourense (ES XVII 209) e con moito culto popular en Galicia. Posiblemente é a que se cita no ano 857 cerca de Agrosacro e Cuñarro (v. n.º 8) e no 922: *In Cuniarro villare que dicunt de Sancta Marina* (TSA 1, S-2).

Suíme viría dun suposto antropónimo gótico **Sonimius*, en opinión de Piel-Kremer (HGN 246/6). En 1253 Munio Fernández de Rodeiro dá en dote a dona Maior Alfonsi *"unum casale in Suyme, in filigresia Sancte Mari<n>e de Pescoso"* (CDF n.º 111).

14. A PORTELA (San Cristovo)

Borrigueiro pode quizabes descompoñerse en 'bo rigueiro', é dicir, un *bonum* **recarium* 'regueiro bo'.

Coreixas é tamén top. portugués (Cf. DOELP), relacionado co nome de muller *Coraxia*, ano 954 (TP p. 208). En latín hai tamén constancia do antropónimo *Corasius* (RL 60).

Perros: cítase en 1251 unha herdade *in Perros sub parrochia sancti Christofori de Portela*; noutro doc. do mesmo ano, *terciam partem de casali de Perris, sub parrochia sancti Christofori de Portela* e finalmente en 1273 *uno casar que eu avia en Perros en friigresia de san Christovoo de Portela en terra de Canba* (CDO 659, 673, 1028). Sen embargo nun doc. do século XI lemos *Pirros*, que é Perros, lugar de S. Romao da Retorta en Guntín, Lugo, (BCML IX 58), o cal induce a pensar no nome persoal grecolatino *Pyrrhus* 'roibo coam o lume'. Outros ven en **Perros** un derivado de *Petrus*.

Portasilva probablemente sería un *portus ad silvam*, é dicir, o paso dun río ou dun monte a carón dunha *silva* 'selva' ou propio dun home chamado *Silva* (TLC 339).

A Portela é diminutivo de *portus/porta*. Cítase varias veces *Portella* entre 1244-1273 (CDO 544, 659, 673, 864, 1021, 1028). Hai aquí a capela da Santa Cruz, posible indicadora dalgún límite.

Vilafrío débese explicar partindo de *Villare Frigido* e *Vilarfrio*, tal como figura en docs. de Oseira (CDO 659, 864, 888, 984, 1162).

15. RÍO (Santa María)

En 1094 o conde Suario Muñoz e a súa dona Sancha Vélez, co fin de ser enterrados na catedral de Lugo, dóanlle moitas herdades, entre elas *"In Camba, Villam Novam, Abdellane, Fagildi, Vilelam, Sanctum Stephanum, Rivo, Salam, totum de Camba* (CPR núm. 86).

Barbeitos v. n.º 11. En 1137 Didaco Arias vende a Suario Petriz e á súa muller Tota Arias a súa

herdade "*in territorio Camba, subtus monte de Montesinos, discurrante ribulo Camba, concurrente ad ecclesiam Sanctae Mariae, villa quam vocitant Berbeytos*" (CC n1 11). O ano seguinte, 1138, Pedro Arias por "*uno caballo insellato cum suo freno, apreciatio in CCC solidos*" vende a Suario Petri e á súa muller Tota Arias dúas herdades: unha "*de mea ganantia*" e outra que lle deu "*episcopus Martinus una cum consensu canonicorum pro meo servitio et pro alia mea hereditate*" ... *Et sunt ipse hereditates in territorio Camba, subtus monte Montesinos prope aulam Sanctae Mariae de Rio, villas prenominate Barbeitos* (CC n1 17).

Casasoa foi *casa sola* en latín.

A Devesa provén do lat. *defensa*, porque sería unha finca cercada (DCELC).

A Feira era *feria* en latín.

Leboro traduce a *Leporus* (TLC 283), antropónimo latino baseado en *lepos*, *-ôris* 'gracia, dozura'. Cítase *Leborum* en 1248 (CDO 609), *Lebor* en 1264 (CDO 913), *Levor* en 1473 (LTP p. 40).

Mouriz pode ser patronímico de *Mauricius* (TLC 206).

Romaces, tamén é patronímico de *Romatius* (LE 368).

A Veiga orixinaríase nunha voz prerromana **vaika* (OE 13/1; DCELC v. vega); e non nunha suposta latina **vadica* 'paso transitible' como di G0 de Diego (DEEH 1049-50).

Vilameá dos Carballos queda xustificada atrás nos seus termos, v. n1 5 e 1.

Vilar v. n1 4.

16. RIOBÓ (San Miguel)

O nome parroquial alude a *rivum bonum* 'río bo' e chamouse *Rioboo* en 1258 (CDO 818); pero xa vimos no núm. 8 a cita de *Sanctum Michaellem de Rivo malo*, en 1155.

Aldea de Baixo e **Aldea de Riba** levan os especificativos topográficos *bassus* / *ripa* (DCELC) engadidos ó nome árabe *al-daia* (DEEH).

O Campo do Mato v. n1 1.

A Vila do Fondo combina *villa* e *fundus*, coma Fondevila, vista no n1 6.

17. RODEIRO (San Vicente)

A Cavada foi o participio *cavata* do verbo *cavare* 'cavar'.

A Devesa v. n1 15.

A Eirexa v. n1 12.

A Gaiola derivou de *caveola*, diminutivo de *cavea* 'oco' (DEEH).

Os Ramos parece plural de *ramus* 'ramo', pero tamén podería ser permanencia do nome persoal *Ramus* (TLC 339).

RODEIRO, capital do municipio, cítase moitas veces como *Rotario/Rodeiro* en docs. medievais de Ferreira de Pallares (CDF) e na CDO (v. índices). En latín *rotarium*, derivado de *rota*, significou a peaxe que se pagaba sobre unha ruta, dereitos de aduana, palabra latina coñecida pola epigrafía (DLF), coa mesma raíz de *rotarius (ruptarius)* 'camiñeiro' (MLLM; LLMA). Tamén houbo *rotarius* 'constructor de carros' (MLLM; LLMA) e *roterius* (deriv. de *rota*), a. 972: *mandamus ut ortolanus, roterius, molinarius [...] non pectent* (LHP).

Veigas v. n1 15.

Vence sería o xenitivo de *Ventius* ou *Vintius* (RL 202 209).

A Vila v. n1 4.

18. O SALTO (Santo Estevo)

Menciónase *Sancto Stephano in Camba* en 1094 (NML 178); pero pode ser Santo Estevo de Carboentes. En cambio, en 1124 chamábase *Sancto Stephano de Portella* (AL, XXI, 1968, p. 42) e así mesmo en 1152 (CEG p. 48), 1242, 1247, 1264 (CDO 504, 589, 910), denominación orográfica alusiva a un porto de montaña, o mesmo que **Salto**, en latín *saltum*, participio de *salio* 'saltar' e *saltus* 'paso estreito entre montañas'. Tamén se chamou esta freguesía "Santo Estevo/Stevo da Agoella" (LTP p. 107, 129) e no ano 1244 aparece *Petrus Iohannis capellanus Sancti Stephani das Quintaas* (CDO 539).

Alemparte refírese a un lugar 'da outra parte, do outro lado' (GDXL), adverbio composto do lat. *ad illinc* 'alén, máis alá', e *pars, partis* 'parte' (DEEH; OE). Cítase Alenparte na CDO 251, 1138; "Alem parte" no LTP p. 20, "Alamparte" p. 103, "granja/tulla d'Alemparte" p. 104.

As Antas v. n1 8.

Calque foi sen dúbida un nome persoal en xenitivo, pero non de fácil identificación; se cadra, sería *Calcaeus* ou *Calceius* (LE 352) ou *Calceus* (TLC 345), con base en *calx, calcis* 'calcaño'. Cítase *Calque/Calqui/Calquy* en varios docs. (CDO 504, 589, 914, 1039, 1138, 1139, 1193), *Calque / Qualque* (LTP p. 20, 21, 39, 108, 130).

En **Casardixo** temos un composto, quizabes *Cas-Ardixo* ou *Casar-Ardixo*, no que o segundo elemento podería ser o antropónimo gótico *Eldoigius/Eldigio* (HGN 150/28; OPNH 151/454). Sen embargo, parece que se debe identificar con este o "lugar Casar d'Iximo" (LTP p. 130).

Casares é un disimilado de *casales*.

O Couto procede de *cautum*, participio de *caveo* 'precar'.

Espasante foi nome persoal **Spasas*, -*antis* ou *Spasandus* (HGN 251/2), do cal tratei máis amplamente en El Progreso (14-II-1990).

Fáilde procede do xenitivo de *Fagildus*, nome persoal gótico (HGN 83/1). Cítase *Fagildi* en 1094 (NML 152) e máis veces *Feilde/Feylde* (CDO 64, 403, 609, 635, 797, etc. etc.).

A Granxa deriva do latín vulgar **granica* adxectivo de *grana* 'gra', a través do francés *grange*

(DCELC). Débese ter moi en conta este topónimo, como tulla principal do mosteiro cisterciense de Oseira. Posiblemente a este lugar refírese a denominación da "grangia de Togio/Togo/Toju" que consta na CDO e no LTP (v. índices).

Quintás é plural de Quintá v. n1 13. En 1224 cítase *loco vocitato Quintanas* (CDO 253); en 1252 *casale in Sancto Stephano de Camba in loco qui dicitur Quintanas* (CDO 683).

19. SENRA (San Paio)

As Pobanzas, o mesmo que *Poblancia*, *Poblanza*, *Pobranza* (NCVCG v. población), reflicten unha orixe no participio do verbo *populare* 'poboar'.

San Paio foi *Sanctus Pelagius*, o mártir de Tui, que tiña nome tomado do adxectivo grego *pelagios* 'mariño'.

Senra de Baixo e **Senra de Riba** son dúas localizacións de herdades con nome probablemente celta, *sénara*, documentada no ano 831, parente de *senara* 'terra de sementeira reservada para o señor, que tiña que ser cultivada polos seus vasalos' (DCELC v. serna). Cítase en 1073 "*In Camba uilla Semra*" (Compostellanum, XIII, 1968, 342-34), en 1155 *Sanctum Pelagium de Senrra* (Alf. VII, n1 174).

20. VILELA (Santa María)

Bagarelas documéntanse en 1236, *casalis de Bagarelas*; en 1273 *herdamento en Bagarellas*; en 1299 *villa de Bagarellas* (CDO 412 1039 1280). Parece un colectivo diminutivo, relacionado tal vez de modo incerto co lat. *bacar* 'cántaro' ou *baccar* 'nome de planta silvestre', ou *baca* 'baga'.

A Baiuca 'taberna' é voz de xermanía (DCELC).

Cantelle noméase deste xeito en 1232 (CDO 364) e viría do nome persoal *Cantilius* (LE 335), como suxire Piel en Biblos (XXIII, 1947, p. 193).

Saborín podería proceder dun antropónimo **Saporinus*, do cal sairía *Saborino*, documentado en 949, segundo propón Piel en Biblos (XXIII, 1947, p. 364) e Rivas Quintas (OPNH 267/1208); pero entre 1192 e 1305 cítase varias veces a *grangia de Saburin / Saborin / Saborim* (CDO 80, 251, 324, 364, 436, 570, 599, 695, 902, 1327), o cal induce a pensar que se trataría dun nome persoal **Saburinius*, derivado de *Saburius* (LE 404).

Vilela era *Villella* en 1094 (NML 185), é dicir, 'vila pequena' no lat. vulgar, equivalente a *villula*, diminutivo de *villa*, no clásico.

Índice alfabético, co número da parroquia:

Adelán 10
Agrochouso 6
Agrosagro 8

ÁLCEME 1

Aldea de Riba 16
Aldea de Baixo 16
Alemparte 18
Alén 8

Antas 8, 18
Arcas 10

Areán 4

ARNEGO 2

ASPERELO 3

AZ 4

Bagarelas 20
Baiuca 20
Barbeitos 11, 15
Bardelás 8
Baroncelle 8
Barregallos 8
Barrio 3, 7
Borrigueiro 14
Cabanas 13
Calque 18

CAMBA S. SALVADOR 6

CAMBA STA. EULALIA 7

CAMBA SAN XOÁN 5

Campo 16
Campo de Rañeiras 1
Campo do Mato 16
Cantelle 20
Carballo 1

CARBOENTES 8

Casar de Seta 2
Casardixo 18
Casares 18
Casasoa 15
Caspenas 17
Castugares 8
Cavada 17
Caxide 3
Coreixas 14
Corroliño 13

Coto 13
Couso 3
Couto 18
Cristimil 4
Cubelos 9
Cuñarro do Cabo 2
Cuñarro do Medio 2
Devesa 15, 17
Eirexa 17
Eirexe 12
Ermida 5
Espasante 18

FAFIÁN 9

Faílde 18
Farán 2
Feira 15
Fervenza 5
Fondevila 6
Fontelas 5
Fornas 6
Gaiola 17
Granxa 18

GUILLAR 10

Lama de Mena 11
Lamas 5
Lamazares 5
Latiza 1
Laxas 12
Leboro 15
Loureiro 7
Mamuelas 4
Mariñaos 8
Melide 6
Mesón de Augalevada 8
Mourigás 2
Mouriz 15

NEGRELOS 11

Ourín 3
Outeiro 9, 10
Padín 2
Paredes 1, 13
Parrocha 6

Pazos 12

PEDROSO 12

Penela 12
Penerbosa 11
Pereira 3
Perros 14

PESCOSO 13

Ponte 6, 12
Portasilva 14

PORTELA 14

Povanzas 19
Puza 11

Quintá 13

Quintás 18

Ramos 17

Rañeiras 1

Remesar 8

Río de Camba 4

RÍO 15

RIOBÓ 16

Río de Camba 4

RODEIRO 17

Romaces 15
Rubiás 11

Sa 13

Saborín 20

SALTO 18

San Paio 19
San Salvador 6
San Xoán de Camba 5
Santa Eulalia 7

Santa Mariña 13

Santas 18

SENRA 19

Senra de Baixo 19

Senra de Riba 19

Suiglesia 7

Suíme 13

Toiriz 2, 6

Torre 10

Torre de Carboentes 8

Trasulfe 9

Veiga 15

Veigas 17

Vence 17

Verlás 7

Vila 17

Vila do Fondo 16

Vilachá 9

Vilafrío 14

Vilameá 4, 5, 11

Vilameá dos Carballos 15

Vilanova 5

Vilar 15

Vilaravide 4

Vilares 10

Vilarmaior 4

Vilaxuste 7

VILELA 20

Vistuíde 4

Xabalde 6

Xabaldiño 6

Siglas bibliográficas:

- **AL** = *Archivos Leoneses* (revista, 1947 ss.).
- **Alf. VII** = M. Recuero Astray, M. González Vázquez, P. Romero Portilla, *Documentos medievales del Reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*, A Coruña 1998.
- **AS** = A. Holder, *Alt-celtischer Sprachschatz*, 3 vols. Graz 1962.
- **BA** = *Boletín Auriense*, 1971 ss.
- **BCML** = *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, 9 vols. 1941-1978.
- **BIEA** = *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*.
- **BMPL** = *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 1983 ss.
- **BRAH** = *Boletín de la Real Academia de la Historia*.
- **CDF** = J-A. Rey Caíña, *Colección diplomática de Ferreira de Pallares*, 1982, inédita.
- **CDIL** = V. Cañizares, *Colección Diplomática de la Iglesia de Lugo* (inédita, no Arquivo da Catedral).
- **CDO** = M. Romaní Martínez, *Colección diplomática de Santa María de Oseira*, 4 vols. (docs. de 1025 a 1435), Santiago 1989-2003.
- **CDVD** = J-L. Novo Cazón, *El Priorato santiaguista de Vilar de Donas; Colec. Diplom.* La Coruña 1986.
- **CEG** = *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo L, 2003, n1 116.
- **CIL** = *Corpus Inscriptionum Latinarum*, Berlín.
- **CM** = E. Cal Pardo, *Catálogo de los documentos medievales, escritos en pergamino, del archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)*, Lugo 1990.
- **CPR** = Fr. Pablo Rodríguez, *Colección Diplomática*, Arquivo Catedral de Lugo (inédita).
- **DAC** = A. Blaise, *Dictionnaire latin-français des auteurs chrétiens*, Turnhout/Belgique 1993.
- **DCECH** = J. Corominas - J. Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols. Madrid 1980-1991.
- **DCELC** = J. Corominas, *Diccionario crítico etimológico de la lengua castellana*, 4 vols. Madrid 1954-57.
- **DCO** = E. Duro Peña, *Documentos da Catedral de Ourense*, Consello da Cultura Galega 1996.
- **DEEH** = V. García de Diego, *Diccionario etimológico español e hispánico*, Madrid 1985.
- **DEGC** = E. Rodríguez González, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, Vigo 1958.
- **DELL** = A. Ernout et A. Meillet, *Dictionnaire étymologique de la langue latine*, Paris 2002.
- **DELP** = J-P. Machado, *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, 5 vols. Lisboa 1977.
- **DG** = P. Madoz, *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, 16 vols. Madrid 1845-50.
- **DTAP** = A. Romero Masiá - F. Arias Vilas, *Diccionario de termos de Arqueoloxía e Prehistoria*,

Vigo 1995.

- **DXL** = Aut. varios, *Diccionario Xerais da Lingua*, Vigo 1986.
- **EE** = V. G0 de Diego, *Etimologías españolas* (colección de artigos en distintas revistas), Madrid 1964.
- **ELH** = Enciclopedia lingüística hispánica, Madrid 1960.
- **EM** = *Estudios Mindonienses. Anuario de estudios histórico-teológicos ...* 1985 ss.
- **ERA** = F. Diego Santos, *Epigrafía romana de Asturias*, Oviedo 1959.
- **ES** = H. Flórez - M. Risco, *España Sagrada*, 51 vols. Madrid 1747 ss.
- **GEG** = *Gran Enciclopedia Gallega*, 30 vols. Santiago 1974 ss.
- **GPL** = M. Amor Meilán, *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, Barcelona, sen data.
- **GMIL** = Du Cange, *Glosarium ad Scriptores Mediae et Infimae Latinitatis*, 3 vols. Francofurti 1681.
- **GVGH** = C. García, *Glosario de voces galegas de hoxe*, Santiago de Compostela 1985.
- **HGN** = Joseph M Piel - Dieter Kremer, *Hispano-gotisches Namenbuch*, Heidelberg 1976.
- **HOP** = Aut. varios, *Homenaxe a R. Otero Pedrayo*, Vigo 1958.
- **IAL** = Aut. varios, *Inventario artístico de Lugo y su provincia*, 6 vols. Madrid 1976-1983.
- **ILER** = J. Vives, *Inscripciones latinas de la España romana*, Barcelona 1971.
- **ILV** = C.H. Grandgent, *Introducción al latín vulgar* (traduc. do alemán), Madrid 1970.
- ***ILV** = W. Wäänänen, *Introducción al latín vulgar* (traduc. do francés), Madrid 1967.
- **IRINDO** = Aut. varios, *Diccionario da lingua galega*, Ir-indo Edicións, Vigo 1986.
- **LE** = W. Schulze, *Zur Geschichte lateinischer Eigennamen*, Berlín 1966.
- **LG** = E. Rivas Quintas, *Lingua galega, historia e fenomenoloxía*, Lugo 1989.
- **LHP** = R. Mdez. Pidal, R. Lapesa, C. García, *Léxico hispánico primitivo*, Madrid 2003.
- **LTP** = M. Romaní & M0P. Rodríguez, *Libro Tumbo de Pergamino. Un códice medieval del monasterio de Oseira*, Santiago 2003.
- **Luc** = *Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación*. Biblioteca Seminario Diocesano. Lugo.
- **MG** = J. Freire Camaniel, *El Monacato Gallego en la Alta Edad Media*, A Coruña 1998.
- **MLLM** = J-F. Niermeyer, *Mediae latinitatis lexicon minus*, Leiden 1997.
- **NCVCG** = J-S. Crespo Pozo, *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego*, Orense 1972, A Coruña 1979, 1982, 1985.
- **NML** = *Nomenclátor toponímico medieval de la diócesis de Lugo*, public. en Lucensia, 5, 1992, 139 ss.
- **NMP** = *Nombres medievales de personas en el Archivo Catedral de Lugo*, publ. en Luc. 8, 1994, 163-190.
- **OE** = R. Menéndez Pidal, *Orígenes del español*, Madrid 1964.
- **OG** = A. Veiga Arias, *Algunas calas en los orígenes del gallego*, Vigo 1983.

- **OPNH** = E. Rivas Quintas, *Onomástica persoal do Noroeste hispano*, Lugo 1991.
- **OPPAL** = M. Palomar Lapesa, *La onomástica personal pre-latina de la antigua Lusitania*, Salamanca 1957.
- **OPPH** = M^o L. Albertos, *La onomástica personal primitiva de Hispania Tarrac. y Bética*, Salamanca 1966.
- **RDTP** = *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*.
- **RL** = H. Solin et O. Salomies, *Repertorium nominum gentilium et cognominum Latinorum*, Hildesheim 1988.
- **RPH** = J. Blázquez, *Religiones primitivas de Hispania*, Madrid 1962.
- **TC** = J-M. Andrade Cernadas, *O Tombo de Celanova*, Santiago 1995.
- **TG** = V. Olano Silva, *Toponimia gallega*, en RDTP, I, 1945, 653-666; V, 1949, 627-662; X, 1954, 190-227.
- **TGL** = A. Moralejo, *Toponimia gallega y leonesa*, Santiago 1978.
- **TL** = *Tumbo de Lorenzana*, en Estudios Mindonienses, 8, 1992, pp. 11-324.
- **TLC** = I. Kajanto, *The latin cognomina*, Roma 1982.
- **TP** = A. de Almeida, *Toponímia portuguesa*, Arouca 1999.
- **TPH** = R. Menéndez Pidal, *Toponimia prerrománica hispana*, Madrid 1968.
- **TSA** = M. Lucas Alvarez, *El Tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*, Santiago 1986.
- **TSO** = P. Loscertales, *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes*, 2 vols. Madrid 1976.